

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 3370** *CORRECCIÓN de erratas do Real decreto 1744/2003, do 19 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 1074/2002, do 18 de outubro, polo que se regula o proceso de elaboración, circulación e comercio de augas de bebida envasadas. («BOE» 47, do 24-2-2004.)*

Advertida errata no Real decreto 1744/2003, do 19 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 1074/2002, do 18 de outubro, polo que se regula o proceso de elaboración, circulación e comercio de augas de bebida envasadas, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 2 en lingua galega, do 16 de xaneiro de 2004, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 397, «Parte B, Parámetros químicos», na liña terceira, «Arsénico total», onde di: «mg/l», debe dicir: «µg/l».

MINISTERIO DE ECONOMÍA

- 3372** *REAL DECRETO 299/2004, do 20 de febreiro, polo que se modifica o Regulamento sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto 7/2001, do 12 de xaneiro. («BOE» 47, do 24-2-2004.)*

Este real decreto ten por obxecto introducir no Regulamento sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto 7/2001, do 12 de xaneiro, determinadas adaptacións derivadas da transposición da Directiva 2000/26/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de maio de 2000, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre o seguro de responsabilidade civil derivada da circulación de vehículos automóbiles e pola que se modifican as Directivas 73/239/CEE e 88/357/CEE do Consello (cuarta directiva sobre o seguro de vehículos automóbiles).

A Lei 44/2002, do 22 de novembro, do medidas de reforma do sistema financeiro, incorporou a dereito interno as disposicións da norma comunitaria, concretamente na sección 2.^a do capítulo V, artigos 32 a 34, que modificaron, respectivamente, a Lei 30/1995, do 8 de novembro, do ordenación e supervisión dos seguros privados, o texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Decreto 632/1968, do 21 de marzo, e o Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo artigo cuarto da Lei 21/1990, do 19 de decembro. En concreto, as modificacións na Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor supuxeron a inclusión dun novo título III, «Dos sinistros ocorridos nun Estado distinto ao de residencia do prexudicado, en relación co aseguramento obrigatorio». Aínda que a través deses preceptos se completou a transposición, existen certos aspectos de índole regulamentaria que deben ser adaptados e precisados a través das correspondentes modificacións no Regulamento de responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor.

As modificacións afectan a OFESAUTO como organismo de indemnización no marco da cuarta directiva do

seguro de vehículos automóbiles, o que exige reflectir no regulamento estas novas funcións. Recóllense tamén as modificacións necesarias derivadas da designación do Consorcio de Compensación de Seguros como organismo de información, en relación cos representantes para a tramitación e liquidación de sinistros designados polas entidades aseguradoras en cada un dos Estados membros.

O artigo 7 da cuarta directiva prevé que, nos casos en que non resulte posible identificar o vehículo causante do accidente ou a entidade aseguradora, o prexudicado poderá solicitar unha indemnización do organismo de indemnización do seu Estado de residencia, pasando este, unha vez pagada a indemnización, a ser acredor do fondo de garantía que corresponda; por iso resulta necesario incluír entre as funcións que o Consorcio de Compensación de Seguros desempeña como fondo de garantía a de reembolso aos organismos de indemnización.

Por último, realízanse no ficheiro informativo de vehículos asegurados as adaptacións necesarias para permitir o intercambio de datos do organismo de indemnización español cos organismos de indemnización e de información dos outros Estados membros do Espazo Económico Europeo, así como cos seus fondos de garantía.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro de Economía, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de febreiro de 2004,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto 7/2001, do 12 de xaneiro.*

O Regulamento sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto 7/2001, do 12 de xaneiro, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o título do artigo 13, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 13. Oficina Española de Aseguradores de Automóbiles (OFESAUTO) na súa condición de oficina nacional de seguro.»

Dous. Créase un novo artigo 13 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 13 bis. Oficina Española de Aseguradores de Automóbiles (OFESAUTO) na súa condición de organismo de indemnización.

1. De conformidade co establecido no artigo 26 do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Decreto 632/1968, do 21 de marzo, a Oficina Española de Aseguradores de Automóbiles (OFESAUTO) terá a consideración de organismo de indemnización ante o que os prexudicados con residencia en España poderán presentar reclamación de indemnización nos supostos previstos no artigo 27 da citada lei.

2. Na reclamación que ante OFESAUTO presente o prexudicado, de acordo co establecido no artigo 27 da citada lei, deberá constar que a entidade aseguradora do vehículo causante non designou un representante en España para a tramitación e liquidación de sinistros ou, noutro caso, a data en que o dito prexudicado se dirixiu formalmente á aseguradora do vehículo do responsable ou ao representante para a tramitación e liquidación de sinistros por esta designado en España e, en caso de recibir algunha

notificación destes, informarase sobre o seu contido. Igualmente, o prexudicado informará, en caso de efectuar reclamación ante calquera outro organismo ou entidade polo mesmo concepto, sobre o contido da reclamación e, se é o caso, sobre as respostas recibidas en relación a esta. OFESAUTO absterase de intervir, e así llo notificará expresamente ao reclamante cando este exercese unha acción directa contra a aseguradora do responsable.

3. Para os efectos derivados do artigo 27 do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, entenderase por resposta motivada a que conteña contestación abonda á reclamación formulada conforme a lei que resulte de aplicación e xustifique a decisión adoptada polo asegurador.

A resposta que OFESAUTO lle deberá dar á reclamación da vítima, na súa condición de organismo de indemnización, estará motivada nos mesmos termos previstos no parágrafo anterior.

4. Na información que por parte de OFESAUTO deba facilitarse ou obterse doutros organismos de indemnización ou fondos de garantía, rexerá o disposto nos acordos que se subscriban de conformidade coa normativa comunitaria.

5. O ministro de Economía ditará as normas relativas ao funcionamento da Oficina Española de Aseguradores de Automóviles (OFESAUTO), como organismo de indemnización.»

Tres. O punto 1 do artigo 23, «Ficheiro informativo de vehículos asegurados», queda redactado nos seguintes termos:

«1. As entidades aseguradoras que cubran a responsabilidade civil de subscripción obrigatoria, derivada da circulación de vehículos de motor con estacionamento habitual en España, deberánlle comunicar ao Ministerio de Economía, mediante a súa remisión ao Consorcio de Compensación de Seguros, os datos relativos aos vehículos asegurados por elas, así como os relativos ao representante para a tramitación e liquidación de sinistros designado pola entidade aseguradora en cada un dos Estados membros, co contido, a forma e nos prazos que se establecen neste regulamento e nas resolucións a que este se refire.

O incumprimento do disposto no parágrafo anterior constituirá infracción administrativa de acordo coa Lei 30/1995, do 8 de novembro, do ordenación e supervisión dos seguros privados.»

Catro. Os puntos 1 e 2 do artigo 24, «Primeira remisión de datos e a súa actualización», quedan redactados nos seguintes termos:

«1. Na primeira remisión dos datos, as entidades aseguradoras subministrarán, por cada vehículo, os seguintes: matrícula, código identificativo da marca e modelo do vehículo, data de inicio da vixencia e data de finalización do período de seguro en curso, así como o tipo de contrato, todo iso de acordo coas especificacións contidas na resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións que para tal efecto se dite. Así mesmo, deberase remitir o nome e enderezo do representante para a tramitación e liquidación de sinistros designado pola entidade aseguradora en cada un dos Estados membros.

2. As entidades aseguradoras realizarán a actualización de datos, remitindo diariamente información de altas e baixas de vehículos asegurados, que se identificarán coa súa matrícula e código identificativo da súa marca e modelo, facendo constar, no caso de altas, as datas de inicio da vixencia e finalización do pe-

ríodo de seguro en curso, tipo de contrato e, en caso de baixas, a data de cesamento da vixencia do seguro.

Para estes efectos, enténdese por cesamento da vixencia do seguro a extinción do contrato de acordo coa Lei 50/1980, do 8 de outubro, do contrato de seguro, incluídas a rescisión e resolución.

Así mesmo, realizarase a actualización dos datos relativos ao representante para a tramitación e liquidación de sinistros designado pola aseguradora en cada un dos Estados membros, tan pronto como se produzan modificacións nos datos.

Co obxecto de que o Consorcio de Compensación de Seguros poida facilitar a información a que se refiren os artigos 24 e 25 do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, as entidades aseguradoras deberánlle proporcionar ao Consorcio de Compensación de Seguros, cando este o solicite, o número de póliza correspondente aos vehículos por elas asegurados, no prazo de cinco días. Para estes efectos, o intercambio de información poderase realizar por teléfono, fax ou correo electrónico.»

Cinco. Engádeselle un novo punto 3 ao artigo 27, «Finalidade e consulta do ficheiro», coa seguinte redacción:

«3. Para efectos do disposto no punto 2 do artigo 25 da lei, considérase que existe interese lexítimo do prexudicado en obter información sobre a identidade do propietario, condutor ou titular do vehículo no suposto de que para o total resarcimento dos danos só se poida reclamar contra esas persoas.»

Seis. O punto 2 do artigo 29, «Consecuencias do incumprimento», queda redactado nos seguintes termos:

«2. Os procedementos que se tramiten por infracción das obrigas impostas aos usuarios de vehículos de motor na regulación do seguro de responsabilidade civil de subscripción obrigatoria serán instruídos polas xefaturas de tráfico ou polas autoridades das comunidades autónomas ás que se transfirise a execución de funcións nesta materia, competentes por razón do lugar en que se cometese o feito. A dita autoridade quedará facultada para adoptar as medidas relativas á retirada e depósito cautelar dos vehículos que circulen sen seguro.

En canto ao procedemento, rexerá o que se dispoña para as infraccións no texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo.»

Sete. Dáselle nova redacción á alínea e) e engádesse unha nova alínea f) no punto 1 do artigo 30, «Funcións», nos seguintes termos:

«e) Indemnizar os danos ás persoas ou nos bens cando a entidade española aseguradora do vehículo con estacionamento habitual en España fose declarada en quebra, suspensión de pagamentos ou, sendo disolta e encontrándose en situación de insolvencia, estivese suxeita a un procedemento de liquidación intervida ou esta fose asumida polo propio Consorcio de Compensación de Seguros.

f) Reembolsar as indemnizacións satisfeitas aos prexudicados residentes noutros Estados do Espazo Económico Europeo polos organismos de indemnización, nos seguintes supostos:

1.º Cando o vehículo causante do accidente teña o seu estacionamento habitual en España, en caso de que non poida identificarse a entidade aseguradora.

2.º Cando o accidente ocorrese en España, no caso de que non poida identificarse o vehículo causante.

3.º Cando o accidente ocorrese en España, no caso de vehículos con estacionamento habitual en terceiros países adheridos ao sistema da Carta Verde e non se poida identificar a entidade aseguradora.»

Oito. Engádesse un novo punto 2 bis ao artigo 30, «Funcións», coa seguinte redacción:

«2 bis. O Consorcio de Compensación de Seguros asumirá as funcións que como organismo de información lle atribúen os artigos 24 e 25 do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor.»

Nove. O alínea b) do punto 3 do artigo 30, «Funcións», queda redactada nos seguintes termos:

«b) Asumir a responsabilidade civil derivada da circulación de vehículos de motor en caso de que os riscos non sexan aceptados polas entidades aseguradoras.»

Dez. O punto 4 do anexo queda redactado nos seguintes termos:

«4. Estrutura básica do ficheiro: entidade aseguradora, data de envío dos datos, matrícula, código identificativo da marca e modelo do vehículo, data de inicio da vixencia do contrato, data de finalización do período de cobertura, data de cesamento de vixencia, tipo de contrato, nome e enderezo do representante para a tramitación e liquidación de sinistros designado pola entidade aseguradora en cada un dos Estados membros.»

Once. Engádense catro novos parágrafos ao punto 5 do anexo, coa seguinte redacción:

«d) A OFESAUTO.

e) Aos organismos de indemnización doutros Estados membros do Espazo Económico Europeo.

f) Aos organismos de información doutros Estados membros do Espazo Económico Europeo.

g) Aos fondos de garantía doutros Estados membros do Espazo Económico Europeo.»

Doce. Engádeselle un novo punto 8 ao anexo, coa seguinte redacción:

«8. Medidas de seguridade: nivel medio.»

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para desenvolvemento normativo.*

Facúltase o ministro de Economía, por proposta da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e logo de informe da Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións, para realizar o desenvolvemento normativo das disposicións contidas neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de febreiro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro de Economía,

RODRIGO DE RATO Y FIGAREDO

3373 *REAL DECRETO 300/2004, do 20 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento do seguro de riscos extraordinarios.* («BOE» 47, do 24-2-2004.)

A cobertura dos riscos extraordinarios sobre as persoas e os bens, inicialmente regulada e encomendada ao Consorcio de Compensación de Seguros pola Lei do 16 de decembro de 1954, ten a súa regulación legal actual no Estatuto legal da citada entidade pública empresarial, aprobado pola Lei 21/1990, do 19 de decembro. O texto orixinal deste estatuto legal foi modificado pola disposición adicional novena de Lei 30/1995, do 8 de novembro, do ordenación e supervisión dos seguros privados, e máis recentemente pola Lei 44/2002, do 22 de novembro, do medidas de reforma do sistema financeiro, e pola Lei 34/2003, do 4 de novembro, do modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados. Especialmente a Lei 44/2002, do 22 de novembro, incorpora importantes cambios no réxime xurídico do consorcio, moi en particular no relativo ao sistema de cobertura dos riscos extraordinarios, no que por primeira vez quedan incluídos entre os danos cubertos os debidos a perdas de beneficios como consecuencia de acontecementos extraordinarios. A lei encomenda o seu desenvolvemento á oportuna disposición regulamentaria, que deberá, entre outras cousas, determinar a data da efectiva entrada en vigor das novas coberturas.

O sistema de cobertura de riscos extraordinarios polo Consorcio de Compensación de Seguros require, conforme a regulación legal descrita, a existencia dun seguro que reúna as condicións establecidas na lei e na normativa regulamentaria que até agora estaba desenvolvida no Real decreto 2022/1986, do 29 de agosto, con lixeiras modificacións introducidas polo Real decreto 354/1988, do 19 de abril. O desenvolvemento, pola súa vez, do regulamento efectuouse por orde ministerial do 28 de novembro de 1986, que recolle certos aspectos operativos de aplicación do disposto no Real decreto 2022/1986, do 29 de agosto, antes citado.

Á vista do anterior, resulta necesario, por unha parte, proceder ao desenvolvemento das novas previsións contidas na Lei 44/2002, do 22 de novembro; por outra, debe adaptarse a redacción de diversos puntos da norma regulamentaria aos preceptos non modificados do estatuto legal, que é posterior a aquela; ademais, moitas das previsións do desenvolvemento normativo do regulamento actual, contidas na orde citada, nuns casos tiveron unha aplicación suficientemente contrastada que permite a súa incorporación ao regulamento e noutros deviñeron en preceptos non aplicables á luz das modificacións das normas anteriores, o que determina a súa derogación; e por último, a experiencia acumulada desde a entrada en vigor do regulamento de 1986 fai tamén aconsellable a introdución de modificacións, pois en definitiva, este inclúe o que no ámbito dos seguros privados constitúen as condicións xerais das pólizas, e, en consecuencia, debe adaptarse á evolución do mercado en xeral, e das cláusulas de cobertura aseguradora, algunhas de recente aparición, en particular. Ao respecto, especialmente destacable é, por un lado, a ampliación do concepto de «tempestade ciclónica atípica», que non permitía considerar os danos ocasionados exclusivamente por ventos extraordinarios ou por tornados, e do de «inundación», que así mesmo excluíu os danos debidos a embates de mar; e por outro, a revisión dos períodos de carencia e das franquías, que, en beneficio dos asegurados, se eliminan en moitos casos e se reducen no resto.

En definitiva, revelouse necesaria a elaboración dun novo texto regulamentario que prevexa o desenvolvemento das novas coberturas e que actualice e refunda, polo demais, as normas xa existentes, evitando ademais